

**ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACION O DIA 27
DE FEBREIRO DE 2015**

Asistentes

SR. ALCALDE:

FRANCISCO GARCÍA SUÁREZ

CONCELLEIROS:

Polo BNG:

MARIA CRISTINA CID FERNÁNDEZ

MARIA PILAR GALLEGO CID

BERNARDO VARELA LÓPEZ

MARIA ELENA SUÁREZ ESTEVEZ

MARIA TERESA DEVESA GRAÑA

MANUEL CID PÉREZ

FRANCISCO ALEJANDRO PIÑEIRO

LOSADA

OLGA QUINTANA DEVESA

Polo PP:

JOSÉ DANIEL RODICIO PÉREZ

MIGUEL ANGEL RODRIGUEZ RODRIGUEZ

MARIA CONSUELO ÁLVAREZ MOSQUERA

SECRETARIO:

Don Maximino Jardón Pedras

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Allariz, cando son as DEZANOVE HORAS E TRINTA MINUTOS (19.30) do día VINTESETE de FEBREIRO do DOUS MIL QUINCE, previamente convocados, reuníronse os Sres. Concelleiros á marxe relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Francisco García Suárez, a fin de celebrar unha sesión ordinaria polo Pleno da Corporación.

Non asiste á sesión a concelleira do PP LUZ DOPORTO REAL, que previamente excusou a súa asistencia por motivos persoais.

Sen incidencias.-

ORDE DO DIA

1. **ACTAS.- Aprobación, se procede, do borrador correspondente á sesión do 30/01/2014.**
2. **Resolucións adoptadas pola alcaldía desde a última sesión.- Dar conta.**
3. **Moción do BNG polo 8 de marzo, día internacional das mulleres, para demandar un plan de emprego feminino.**
4. **Moción do BNG solicitando ao Ministerio de Fomento o asfaltado da N-525.**
5. **Rogos e Preguntas.**

---***---

- 1.- **ACTAS.- Aprobación, se procede, do borrador correspondente á sesión do 30/01/2014.**

Aprobase pola unanimidade dos doce concelleiros presentes na sesión, dos trece que legalmente integran esta Corporación local sen modificación algunha.

- 2.- **Resolucións adoptadas pola alcaldía desde a última sesión.- Dar conta.**

Están a disposición dos grupos políticos no Libro de Decretos na secretaría, sinala o alcalde.

- 3.- **Moción do BNG polo 8 de marzo, día internacional das mulleres, para demandar un plan de emprego feminino.**

Da conta da moción de data 24/02/2015, rtro. núm. 625, presentada polo grupo municipal do BNG, concelleira de benestar social, Pilar Gallego Cid, co seguinte teor literal:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación de desigualdade que viven as mulleres galegas viuse acentuada co aumento da precariedade laboral desde comezos da crise, sen a implantación de políticas efectivas que puidesen frear o crecemento da fenda que sitúa as mulleres á marxe e que lles deixa cada vez máis as portas abertas ao desemprego, ao emprego precario ou á emigración. Diferentes estudos e informes recollen datos sobre o desemprego e as lamentábes condicións dos traballos que desempeñan as mulleres na Galiza a día de hoxe, así como o elevadísimo número, sobre todo de mozas, que se viron obrigadas a abandonaren o noso país na procura dun futuro mellor. Falan os datos de diferentes estudos, entre eles os publicados polo IGE, e reflicten que a situación das mulleres no noso país vén empeorando de forma alarmante nos últimos anos.

A pesar de escoitarmos insistentemente o discurso da igualdade conseguida, a realidade reflicte que a fenda salarial continúa ampliándose e as mulleres son as principais afectadas cando nos referimos ás persoas que se atopan en risco ou situación de exclusión social. Asemade, o desigual reparto de responsabilidades á hora de asumir o traballo non remunerado supón que a maternidade sexa un factor de penalización sobre o emprego das mulleres. As chamadas políticas de austeridade frearon a posta en marcha de políticas de igualdade, tanto a nivel lexislativo como de realización de programas concretos. Así, algúns instrumentos con medidas antidiscriminatorias, como a Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galiza, está paralizada. Nesta lei manifestábase o compromiso da Xunta de Galiza para integrar a dimensión de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, cumprindo co seguimento das políticas e accións sobre as que existen competencias en relación ao acceso ao emprego, desenvolvendo políticas de integración e apostando pola igualdade no ámbito laboral. Algunha das medidas máis necesarias neste momento incluídas nesta lei, como é a posta en marcha de medidas que melloren o emprego feminino, continúa a agardar pola súa implementación.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Instar ao goberno da Xunta de Galiza a cumprir, nun prazo máximo de dous meses, coa promesa de aprobar un Plan de Emprego Feminino, co orzamento necesario para se desenvolver ao longo dos próximos catro anos. Este plan terá por obxectivo establecer medidas destinadas a incrementar a taxa de emprego feminino, promover a contratación de mulleres nos sectores en que está subrepresentada, reducir o alto grao de precariedade das traballadoras na Galiza, atallar as problemáticas específicas das mulleres nos ámbitos produtivos -labregas, mariscadoras, redeiras,...- atendendo especificamente a problemática das mozas galegas para accederen ao emprego.

Seguir fomentando dende a xestión municipal a incorporación das mulleres ao mercado de traballo, mediante a coordinación dos departamentos de servizos sociais, igualdade e promoción económica e mantendo os programas de conciliación da vida persoal, familiar e laboral de homes e mulleres.

Polo grupo municipal do Partido Popular a concelleira, María Consuelo Álvarez Mosquera, sinala que é falso que as mulleres estén afrontando a peor parte da crise. Con esta afirmación non quere dicir que a situación sexa boa, sinala, pero non hai que ovidar que se está creando emprego e que as mulleres non quedan excluídas deste proceso. A cifra de desempregados totais en Galicia reduciuse en 477.900 persoas nun ano, delas case 200.000 son mulleres. Ademais, o Ministerio de Emprego e Seguridade Social e a Secretaría de Estado, Servizos Sociais e Igualdade están participando na elaboración dun plan especial para a igualdade de mulleres e homes no ámbito laboral e contra a discriminación salarial 2015-2016, que ten como obxectivo garantir a igualdade efectiva entre mulleres e homes, no acceso e permanencia no emprego, nas condicións laborais e na prevención e corrección da brecha salarial. Estanse desenvolvendo un conxunto de actuacións no fomento e impulso na igualdade de trato e oportunidade entre homes e mulleres no ámbito laboral como son:

- *Convocatorias anuais para pequenas e medianas empresas para a adopción e implantación de medidas e plans de igualdade.*
- *Convocatorias para concesión do distintivo igualdade na empresa. 92 entidades obtiveron iste título nas catro edicións que se teñen celebrado.*
- *Firma de convenios de colaboración con entidades territoriais para a promoción de postos de traballo para mulleres desempregadas e en risco de exclusión social.*

Pero tampouco hai que olvidar, sinala a concelleira, as convocatorias de subvencións para proxectos de brecha salarial de xénero que no 2014 se financiaron 9, cunha dotación de 1.648.030 euros.

Difícilmente se pode argumentar, explica, que non se está facendo nada e que está todo paralizado respecto á loita pola igualdade entre os homes e as mulleres e as políticas dirixidas a combatir a discriminación entre ámbos, cando nos orzamentos dedicados a estes recursos no ano 2015 non so se mantiveron senón que aumentaron nun 7,8%.

Neste senso o grupo municipal do Partido Popular propón unha enmenda de substitución mediante a seguinte transacción que correspondería ao primeiro párrafo: Instar á Xunta de Galicia a que dentro dos seus programas operativos para o fomento do emprego as mulleres sexan un obxectivo prioritario.

Intervén a continuación o Alcalde para sinalar que a moción que o BNG presenta a debate pide a execución dunha das medidas previstas na Lei 2/2007 porque todos coinciden en que en época de crise quen máis está a sufrir son as mulleres, pois xa é evidente que nas condicións laborais xa hai unha diferenza nas condicións salariais entre homes e mulleres, pero tamén á hora de afrontar o coidado doméstico, o coidado dos maiores, é a muller quen se ten que facer cargo destas tarefas. A miúdo tamén se ten coñecido que o embarazo pode ser motivo para ter máis dificultades para a contratación. Polo tanto, o BNG non pón en cuestión o papel que poda estar realizando a administración para paliar esta cuestión senón que, unha medida tan básica como é a discriminación positiva como contemplar un plan de emprego feminino que pode ser unha medida moi necesaria. En Allariz, o Programa Clara que se está a desenvolver en colaboración co Ministerio de Emprego e Seguridade Social pode servir como exemplo de actuación que pretende formar e abrir posibilidades de acceso ao emprego feminino. Ésta é a razón fundamental que se busca coa presentación da moción polo BNG. A enmenda transaccional que se propón restaríalle o senso máis amplo que lle quere dar o BNG. Por esta razón o BNG non pode acceder a aprobar a variación que propón o Partido Popular.

O obxectivo do BNG, sinala o concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, José Daniel Rodicio Pérez, en canto a superar a desigualdade que existe entre os homes e as mulleres é similar ao que ten o PP, unicamente hai unha diferenza de prantexamento das propostas, mesmo se advirte que o BNG nin siquiera se molestou en tomar nota do termos exactos da transacción e reitera que nela xa se afirma que as mulleres sexan un obxectivo prioritario. Parece mais ben que as cousas hai que dicilas doutra maneira, e mellor na maneira que di o BNG, ésa parece ser a cuestión de forma. Insiste: o obxectivo é o mesmo, de feito a Xunta ten tomado medidas encamiñadas a resolver a situación de desigualdade que efectivamente existe, pero que pouco a pouco se vai resolvendo, e neste caso, o grupo municipal do PP cree que fai unha proposta razoable pero se o BNG considera que as cousas se teñen que facer ao pé da letra como propoñen, o PP votará en contra non polo obxectivo que se pretende senón por unha mera cuestión formal.

Intervén finalmente o Alcalde para sinalar que, visto desde outro punto de vista, o BNG tampouco comprende cal é razón do PP para non acceder a poñer en marcha unha medida contemplada nunha lei galega como é a 2/2007 para crear un plan de emprego feminino que teña unha perspectiva de materialización. É unha medida específica que o BNG non entende por qué hai que diluila nun ámbito máis global como pretende o Partido Popular. O BNG quere facer fincapé que a falta de emprego feminino é unha das principais preocupacións que ten a sociedade e polo tanto está xustificada a defensa dun plan galego de emprego feminino como se propón.

Concluída a exposición, sométese o asunto a votación co seguinte resultado:

*SI: 9 (BNG)
NON: 3 (PP)*

Queda aprobada a moción pola maioría absoluta legal.

4.- Moción do BNG solicitando ao Ministerio de Fomento o asfaltado da N-525.

Da conta o propio Alcalde da moción de data 24/02/2015, presentada polo grupo municipal do BNG, co seguinte teor literal:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A situación da N-525 ao seu paso por Allariz, está a suscitar numerosas queixas e reclamacións por parte dos veciños. Debemos ter en conta que a N-525 é unha importante vía de comunicación para Allariz, para a mobilidade dos seus veciños nos desprazamentos no propio Concello, e na comunicación con Ourense ou coas terras da Limia e Monterrei. Así mesmo, ten tramos practicamente urbanos, cunha actividade económica importante en Allariz, especialmente servizos de gasoliñeira, talleres e restaurantes, que se ven afectados negativamente, ademais de pola situación económica que provoca unha caída tan importante do consumo, tamén polas dificultades que comporta o asfaltado da estrada.

Na sesión celebrada o 28 de marzo de 2014, o Pleno da corporación, a proposta do BNG, aprobou solicitar ao Ministerio de Fomento a execución de obras de mantemento nesta estrada debendo proceder ao asfaltado dos tramos deteriorados, especialmente naqueles máis directamente ligados á actividade económica do concello e que inciden na seguridade viaria, particularmente o tramo que vai desde o acceso ao parque empresarial de Chorente, pasando por Abuín, ate á Padela.

A consecuencia daquela petición, leváronse a cabo obras de mantemento no tramo da estrada que linda co termo municipal de Sandiás, no alto das costas de Allariz, que non resollen a situación de deterioro que presenta a N-525 ao seu paso por Allariz nos tramos sinalados.

Como dicíamos daquela, en anos anteriores, procedérase a unha mellora da capa de rodadura nos tramos de Allariz a Ourense, pero agora é prioritario e urxente, reiteramos, que se actúe especialmente no tramo que vai dende o cruce co parque empresarial de Chorente até a Padela, tal como xa se solicitaba na moción do 28 de marzo de 2014, considerando totalmente insuficientes as obras que se executaron no tramo que linda co termo de Sandiás.

Por todo o exposto propomos ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Solicitar do Ministerio de Fomento a urxente reparación da N-525 con asfaltado nos tramos deteriorados, especialmente no que afecta a actividade económica e á seguridade viaria, dende o cruce co Parque Empresarial de Chorente ate a Padela.

Polo grupo municipal do Partido Popular, o seu concelleiro, José Daniel Rodicio Pérez, sinala que van votar a favor pois están completamente de acordo coa petición. Xa estiveron de acordo daquela, cando se pediu fai un ano a execución de obras de mantemento neste tramo da estrada nacional tanto por razóns de seguridade viaria como pola incidencia económica no entorno do Parque Empresarial de Chorente. Únicamente, sinala, non estaría de máis facer unha pequena corrección meramente formal na redacción da moción xa que non parece necesario citar o punto intermedio de Abuín, é suficiente sinalar o punto de inicio no cruce co acceso ao Parque Empresarial e o final na Padela. En segundo lugar, a referencia ao obxectivo da seguridade vial que se invoca para outras administracións, que se teña en conta nas actuacións propias do concello como pode ser o tema da poda dos árbores na rúa Emilia Pardo Bazán e no Piñeiro. A seguridade viaria ten que habela nas estradas nacionais pero tamén nas rúas municipais.

Intervén finalmente o Alcalde para sinalar que está de acordo na corrección formal da moción nos termos sinalados pero en canto á demanda de execución de obras a outra administración, en canto a infraestructuras que son da súa competencia non impide que o concello tamén sexa esixente na parte que lle toca e trate de facer un esforzo no mantemento da súa rede viaria municipal moi ampla, por certo. Agora mesmo está a punto de licitarse a mellora da capa de rodadura do acceso á Parroquia de Meire, mesmo se ten feito ao longo destes anos intervencións para mellorar esta rede, p. ex. melloráronse os accesos á Limia por Seoane e por Torneiros, tamén na zona de San Vitoiro, ao marxen dos parcheos globais que se teñen feito en obras de mantemento que son moi custosas, pero sendo conscientes de que é preferible facer este esforzo antes que producir un deterioro que despois require unha capa de rodadura completa.

Aprobase pola unanimidade dos doce concelleiros presentes na sesión, dos trece que legalmente integran esta Corporación local sen modificación algunha.

5.- Rogos e Preguntas.

Polo Grupo Municipal do Partido Popular, o seu concelleiro, José Daniel Rodicio Pérez, recoda a petición de información sobre expedientes de licencias de obra e rehabilitación no medio rural. Reitera a petición feita no último pleno.

Tómase razón da petición.

Recorda finalmente o Alcalde que está a disposición dos concelleiros o borrador de ordenanza sobre o uso dos espazos públicos municipais tal como tamén se pedira polo grupo municipal do Partido Popular na última sesión plenaria. O BNG está aberto, sinala, para incorporar as suxerencias que se queiran facer na redacción do texto definitivo que se levará á comisión informativa correspondente.

E non tendo mais asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, dando por terminada a sesión, ordenou o seu levantamento, ás dezanove horas e cincuenta e cinco minutos do mesmo día do seu comenzo, do que eu, como Secretario, certifico e dou fe.

O ALCALDE

O SECRETARIO